




Cartafol da LINGUA

ES RAGADO

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA nº2 2002
1999



LIMIAR

Saúdos, amigos e amigas do Cartafol da Lingua. Unha vez máis, amosámosvo-los nosos traballos, recollidos durante un par de meses, e que pretenden, coma sempre, informar, entreter e, por suposto, facelo na lingua que lle dá sentido ó Equipo de Normalización Lingüística.

Moitos de vos estaredes a pensar quearnos fai UN PAXARO PELEXANDO CUN ESCORNABOIS na portada deste número. E, xa postos, fixariadesvos en que esta vez o boletín é distinto. Pois si, e a historia ven de lonxe.

Como todos sabeis, o propósito inicial de este Equipo non é outro que NORMALIZA-LO USO DO GALEGO nas nosas vidas. Iso quere dicir que pretendemos que a lingua dos nosos pais e avós non morra pola falta de uso, e que adquira a forza que o uso cotián lle concede. Ese é o noso obxectivo. Pero temos máis. Dende o ámbito dos profes que formamos parte de este grupo de traballo, non temos palabras para expresa-la admiración e o agradecemento que sentimos cara ós nosos constantes, sufridos e animados colaboradores e "redactores". De nada serviría que nos puxeramos, como profesionais deformados que somos xa, a facelo todo ó noso antoxo, sen contar cos auténticos protagonistas deste invento: os alumnos.

Ademais do obxectivo puramente normalizador, temos que confesar que, pouco a pouco descubrimos que elaborar unha revista e organizar actividades culturais (charlas, actuacións, teatro, concursos) repercute moi positivamente na HUMANIZACIÓN dun centro. Resumindo, que non somos só profesores e alumnos, senón persoas que poden compartir ilusións e traballar en equipo por sacar adiante un proxecto común.

E agora ben o do paxaro e o escornabois. Comeza-los proxectos é moi doado, pero o difícil é continualos. Na loita destes animais vemos representados os esforzos dos que fixeron esta ilusión posible, dos que a levaron a cabo e dos que de cando en vez colaboraban enriquecendo as nosas miras. Remata o curso, e comeza unha etapa de descanso, expansión e novas e refrescantes experiencias. Mentres tanto, o Cartafol collerá unhas vacacións, pero para voltar con máis forza en outubro.

En nome do Equipo de Normalización, un millón de grazas a todos por facelo, por lelo, e por crítico.

¡Ah! ... e FELICES VACACIÓNS



MENÚ:

LETRAS (páx. 3)

... galegas. Roberto Blanco Torres: o home, o escritor, a obra.

DENDE ALEMANIA CON AMOR (páx. 4)

¡Atención! Tivemos unha espía no centro.

A TRABE DE OURO E A TRABE DE ALCATRÁN (páx. 5)

A cara amable e a non tan amable da vida.

Ó PAN, PAN, E Ó VIÑO, VIÑO (páx. 6)

"A anorexia": a delgada sombra da morte.

"Un 17 de Maio": non te cortes, fala galego.

FALAMOS CON... (páx. 8)

...Miguelanxo Prado. A experiencia en vivo dun debuxante de élite.

LOVE, LOVE, LOVE (páx. 10)

De formigueos, calafriños, e outras doenzas amoroso-primaveraís. A experiencia do noso centro.

ECOPÁXINA (páx. 11)

A Ría de Ferrol a debate.

1º PLANO (páx. 13)

"La vita é bella": ¿puro maniqueísmo?

"Estación central do Brasil": unha historia de peregrinaxe interior.

CADERNO DE BITÁCORA (páx. 16)

"...e cruzaron o Miño": o Equipo de Normalización Lingüística fai teatro en Portugal. ¿Os resultados?: Muíto bem.

ESCRITORES NOVEIS (páx. 19)

Pequenos anacos de beleza escrita en palabras:

"Continuación"

"Cando estou ó teu carón"

"O conto escuro"

NAS VERZAS (páx. 22)

Especial para teimudos.

GARGALLADAS (páx. 22)

¡Ha, ha, ha, ha, hi, hi, hi, HO, HO, HO!

LETRAS



ROBERTO BLANCO TORRES (1891-1936)

naceu en Cuntis (Pontevedra), onde cursou os seus estudos primarios. En 1907, emigrou a Cuba onde colaborou nos xornais máis importantes de América Latina. En 1916 retorna a Galicia. Intervén na polémica que surge sobre as "Irmandades da Fala" e o "Nacionalismo".

Foi un home que acadou gran fama polo seu labor como xornalista republicano e pensador de esquerdas. A súa obra periodística, sempre aguda e combativa, é un verdadeiro indicador da vida galega da época.

En 1920 pasa a dirixir *El correo Ferrolano*, ó mesmo tempo que colabora noutros xornais. Máis tarde pasa a ser xefe da redacción de *El Pueblo gallego* e director de *El País* de Pontevedra. En 1936 foi asasinado, vítima dos acontecementos da guerra civil.

Só publicou dúas obras, *Orballo da media noite* e *De esto y de lo otro*. A primeira é un conxunto de poemas de temas variados. Mestúranse composicións nas que expresa os seus anxeios e inquedanzas existenciais, filosóficas e morais con poemas nos que predomina a reivindicación social: o caciquismo, a emigración, a dureza da vida no campo, a rebelión.

A segunda das obras mencionadas é unha escolma de artigos xornalísticos e pequenos ensaios, a súa prematura morte fixo que quedara inédito. Tamén existen poemas soltos que foron aparecendo na prensa do seu tempo.

Roberto Blanco Torres pasará á historia da literatura galega como home plenamente enraizado no seu tempo.

elena brozos & isabel mesía

Dende Alemania con amor

Heidelberg, 4 de Maio de 1999

¡Ola, alumnos do Instituto de Mugarzos!

Hai catro semanas estiven no voso Instituto de visita nunha mañá. Gustoume moitísimo ve-lo Instituto e participar nalgumha clase. Foi moi interesante escoita-la lingua galega na aula e deume unha impresión froitosa do que significa ensina-la lingua nunha rexión que non ten o galego como lingua "normal" senón que se fala máis o castelán.

Foi moi interesante falar cos profesores e conversar sobre os problemas da normativización e da normalización da lingua.

Eu son unha estudante alemana das linguas románicas, principalmente o galego e por iso teño un particular interese en coñecer a problemática da normalización e da sociolingüística en xeral.

Lín tamén os vosos boletíns de "Cartafol da lingua" que me parecen maravillosos. Quero que vos animedes para seguir facendo innumerables boletíns máis, para fomenta-la lingua galega. Tal vez poderei falar algún día persoalmente cos alumnos, participando no Equipo de Normalización Lingüística.

¡Moitísimas gracias e sorte para vós!

ELHE (alemana)



- Trabe de ouro a unha proposición de lei orgánica aprobada no Congreso, pola que a partir de agora poderemos identificarnos por medio dun D.N.I. ou dun PASAPORTE escrito integramente en galego.

- Trabe de ouro a un establecemento de hostelería que adoptou o galego como lingua de publicidade no interior do seu local: Pizza Móbil, ¡as pizzas xa voan en galego rapaces!

- Trabe de ouro á revista FADAMORGAMA que vén a cubri-lo baleiro no mundo da información sobre literatura galega infantil e xuvenil.

- Trabe de ouro á longametraxe de animación OS VIXILANTES DO CAMIÑO, de Miguelanxo Prado, que se estreou na TVG o 17 de maio, e que pasa a ser a primeira producida en lingua galega.



- Trabe de alcatrán ós ladrons de cruceiros de Laxe, Zas, Muxía e Dumbria. ¡Ai meu Deus, se Castelao levanta a cabeza e ve como lle desaparecen as súas Cruces de pedra na Galiza!

- Trabe de alcatrán á liberalización da selectividade porque con ela temos dereito a pasar por ese calvario, non só unha vez, senón tódalas veces que queiramos para aprobar ou subi-la puntuación, isto xa é un vía crucis.

- Unha Trabe de alcatrán ben grande que cubra toda a humanidade por permitir CONFLICTOS BÉLICOS coma o de Serbia ou MATANZAS coma a do Instituto de Denver. Xa houbo quen dixo: "Ningunha bandeira, calquera bandeira, vale máis ca un home, calquera home".



ó pan, pan,
e ó viño, viño

A ANOREXIA

O outro día estaba eu sentado no meu sofá preferido vendo a televisión, cando polo medio e medio da ventaniña da caixa tonta escomezaron a desfilar esas top models que son un esquelete recuberto de pelexo, á súa vez recuberto duns trapiños horteras. Non puideren reprimir o xa habitual sentimento de noxo que me producen tales imaxes, noxo sentido de cara á sociedade cruel que pretende escravizarnos, e non contra as "esgalichadas" modelos que a fin de contas viven diso.

A cruel sociedade na que vivimos vén impondo uns insáns canons de beleza que, á parte de non te-la beleza por ningún lado, deixan completamente desterrados ós pobriños tecidos adiposos. A terrible, asoballadora e invisible forza dos medios de comunicacións de masas, na maior parte a televisión, é manipulada para imponernos unha forma de vida que nalgúns casos extremos conduce á enfermidade. Agora vou cita-lo trastorno alimenticio máis perigoso nestes intres: a ANOREXIA. A responsabilidade da súa aparición e propagación posúea unha sociedade de consumo despiadada e implacable. No 10% dos casos a anorexia non ten cura e o afectado morre. Considero estas mortes asasinatos inducidos polo mundo da pasarela, o cal non contento co que xa ten reduce unha talla máis.

Algúns poden considerar este artigo demasiado duro, a esas persoas invítoas a unha profunda reflexión. Eu téño claro: prefiro imponerme a min mesmo uns michelíns, que deixar que outro me imponha pola forza un pixama de madeira moi de moda.

De maneira que se algunha vez se che ocorre deixar de comer para estar dentro dos canons dunha sociedade consumista entolecida, suxiroche que o esquezas e vaías comprar unha caña de chocolate.

nazarío lledó



Ó PAN, PAN, E Ó VIÑO, VIÑO (Bis)

UN 17 DE MAIO...

Hai xa 36 anos que a Real Academia Galega instaurou o Día das Letras Galegas, como lembranza daquel 17 de Maio de 1863, no que Rosalía publicaba o seu libro Cantares Gallegos, considerado o iniciador do Rexurdimento, despois de varios séculos de pobreza literaria no noso país.

Dende aquel día de 1963 ata hoxe os galegos vimos celebrando cada 17 de Maio o Día das Letras Galegas, o día das nosas letras, pero tamén da nosa fala, da nosa arte e da nosa cultura en xeral, porque témo-la sorte de ter nacido nunha terra chea de riqueza cultural, unha riqueza que moitos aínda non saben apreciar. Moitos galegos renegan do seu, das súas raíces, da súa lingua, dos seus costumes e dinche: "no, yo no hablo gallego, que eso es de paletos y mas de ignorantes". Enchome de furia cada vez que penso nesta xente, xente coma unha persoa do Instituto, que cando estabamos a repartir o número anterior deste boletín, dixo: "no, gracias yo no quiero nada que tenga que ver con Galicia, ni con el gallego", cando ela naceu e viviu aquí toda a súa vida, pero ela o perde, e a verdade é que perde moito.

Penso que os galegos deberíamos ir polo mundo coa cabeza ben erguida, orgullosos de sérmolo, utilizando a nosa lingua e os nosos costumes, pero NON SÓ O 17 DE MAIO, porque ese día celebrámo-lo inicio do Rexurdimento, pero temos que lembrar que se xente como Rosalía o fixo posibel, nós temos outra misión: non deixar que morra a nosa cultura. Como di unha amiga miña: "máis vale emporca-lo idioma co uso que mante-lo limpo nunha vitrina museística".

david fernández



FALAMOS CON...



MIGUELANXO PRADO

Ó prepara-la entrevista e contempla-lo inmenso e excelso curriculum deste home un preguntase ata que punto non somos uns borregos. Un tipo que leva case vinte anos ás súas costas no mando da banda deseñada, que leva editados unha ducia de libros, e ten unha marea de ilustracións, de premios e exposicións. Pero un tipo do que ninguén dos firmantes deste algo sabía, máis que era o que fixera a mascota do programa XABARÍN CLUB, onde aparece Songoku e porque fixo unha serie moi chula con Spielberg. Estes feitos deben recordarnos que esas xentes, que aquí son catro gatos e que son tan underground polo mundo adiante, están sendo recoñecidos como creadores dunha grande altura. Deben abrímo-los ollos ante un mundo que ignoramos e descoñecemos case totalmente, o das artes gráficas galegas.

CARTAFOL: ¿A QUE ANOS DESCUBRE-LA TÚA VOCACIÓN DE DEBUXANTE?

MIGUELANXO PRADO: Dende pequeno me gustaba o debuxo, pero no ano 1980, estudando Arquitectura, descubrín o cómic.

C: ¿POR QUE DEIXACHE-LA CARREIRA DE ARQUITECTURA? ¿FOI UN PASO TRAUMÁTICO?

MP: Porque preferín adicarme ó cómic. Non, ós meus pais non lles pareceu ben a miña decisión, pero aínda así tiveron moitísima sorte, xa que dous dos tres primeiros cómics que debuxel foron publicados.

C: FOI DIFÍCIL ABRIRSE PASO NO MUNDO DO DEBUXO?

MP: Non. Como dixen anteriormente, tiveron moita sorte.

C: CALES ERAN OS TEUS REFERENTES ESTILÍSTICOS CANDO COMEZACHES?

MP: Fixeime no cómic dun debuxante francés, Moebius, e en dous arxentinos, Sampaio e Muñoz. A nivel de historias, no realismo máxico (Casares, Torrente, etc.).

C: ¿QUE CONSELLO DARÍAS ÁS NOVAS XERACIÓNS DE ARTISTAS GRÁFICOS?

MP: Ter claras as túas posibilidades e saber se estás disposto a sacrificarte e a vivir diso.

C: CALES SON AS TÚAS FONTES DE INSPIRACIÓN?

MP: As miñas fontes de inspiración son as cousas que vexo no periódico, na televisión, e o que oío pola rúa, así como os meus referentes estilísticos.

C: ¿CAL É O TEU TEMA RECURRENTE?

MP: Tema recorrente, ... a incomunicación.

C: QUE OPINAS DO CÓMIC EN GALICIA?

MP: Era moi underground, e a única saída eran os fanzines ou marchar para Barcelona (que foi o que eu fixen). O malo é que nos fanzines (que é o único lugar de promoción para xente non moi consagrada) hai xente boa que promete e xente que o fai por diversión. Non hai lugares para unha persoa que quera comezar en serio.

C: ¿SUPUXO UN CAMBIO RADICAL TRABALLAR NUNHA SERIE DE ALTO PRESUPOSTO?

MP: Se mo propuxeran hai algúns anos sospello que o faría igual de ben, e agora xa non é algo tan excepcional. Aínda que aprendín moito acerca da creación de debuxos animados.

C: ¿PODERIAMOS ACLARA-LA TÚA POLÉMICA CO PERIÓDICO "LA VOZ DE GALICIA"?


MP: A colaboración coa Voz foi so por tres meses, porque despois tiñamos máis cousas que facer. E paramos, e todo o mundo preguntaba por que. E isto xuntouse co feito de que botaron ó director, e toda a xente comezou a especular. Si, censuráranme nunha colaboración con Luis Álvarez Pousa, pero esa durara catro anos.

C: CAL É O TRABALLO CO QUE ESTÁS MÁIS SATISFEITO?

MP: É difícil. probablemente "Trazo de fiza", porque é o máis traducido e o máis lido e premiado. "Estratos", polo prólogo de Méndez Ferrín, e "Crónicas incongruentes".

C: ¿QUE PROXECTOS TES PARA OP FUTURO?

MP: Remata-la serie da TVG, rematar un libro, remata-la terceira parte de MIB (Men In Black), remata-los debuxos da Casa dos Pelxes na Coruña, para poderme relaxar e, probablemente, por un tempo deixar de facer debuxos animados.



noel blanco & isabel mesías



LOVE, LOVE, LOVE

O TOURO E A LÚA (II)



"Ese toro enamorado de la luna..."

Hai veces -probablemente poucas- nas que as segundas partes poden ser infinitamente mellores cás primeiras. Eu entendo que este é o caso.

O touro xa sabemos que andaba namorado da lúa, mais...

Un bo día foi a lúa e quedou prendada tamén daquela mole negra de forza e de arrogancia.

¡Santo ceo! ¡Non era posible!

A lúa, un corpo refulxente, radiante, exposto ás olladas e ós escondidos desexos de quen sabe cantos pretendentes e agora rendida á teima dun porfiado becerro.

Nun principio houbo unha correspondencia non declarada, oculta. O touro seguía abandonando polas noites a manada para vela, e, ela, a lúa, ía botando de reollo as súas miradas compracidas. Moi pronto comezou a ser a lúa a que abandonaba polo día a súa comitiva celeste para merodear os frescos pastos dos prados nos que o charol do seu amor pavoneaba ante a presenza dos demais cos seus fumes de galán correspondido.

Non tardou en verse á lúa lanzando as súas verónicas desafiantes ante as embestidas cegas do touro, en facelo bailar dirixindo cun capote de palabras os seus pasos. Pouco despois aproveitaba a curvatura do seu cuarto minguante para mecelo sen importarlle xa absolutamente nada; cando a curvatura era imposible, entón, era el, o touro, o que se alzaba sobre enxeños para acadar aquela órbita lonxana.

Naquelas distancias de vacío, naquelas abisales simas que afastaban a beleza da besta, foise verquendo unha indefinida inconsistencia que todos intuimos era o amor.

O mundo foi unha praza. Os burladeiros ás veces aparecían empapelados con poemas -non era cáseque nunca neles onde estaba a poesía, senón no feito mesmo de poñelos á vista, de airealos-, as gradas recibían un eco de estribillos musicais coñecidos cos que o touro veneraba á súa "flaca", agora nova e despois chea, pero sempre perfil, sempre "flaca".

E a historia xa de amor -de amor correspondido-, segue, perdura, e aínda que ben sabemos todos que a eternidade son uns escasos cinco minutos, é fermoso asistir espectador á insolencia de abrazos e tenruras entre un touro e a lúa que de repente se nos mostran nun ángulo inesperado das nosas perspectivas. Por un breve instante pensamos que xa todo é posible, que "utopía" é un territorio que aparece nos mapas.

Por eso, simplemente, a Verónica e a Bertín.

Abril do 99 (xa se sabe, a primavera).

x. luis mosquera



Pois si, como ben sabedes todos, o día 30 de Abril houbo unha charla sobre o medio ambiente aquí no Instituto, en concreto sobre o estado da nosa ría, a de Ferrol. Unha charla que fixo que a miña ignorancia sobre o noso contorno fose transformada nunha gran-pequena sabiduría.

En total seríamos somentes 15 persoas, pero aínda que aquilo tiña aspecto de non ter importancia, podo aseguravros que se convertiu nunha velada inesquecible que, ademais de amena e entretida, contribuiu a que os que asistimos a ela quedásemos un pouco máis concienciados hacia o comportamento coa nosa amiga natureza.

Non sei si sabedes que existen varias empresas "das cales non vou dar nomes" que, ademais de contaminar cos seus fumes, verten os lixos por medio de canalizacións que están disimuladamente agachadas no mar porque así ós ollos da xente non se ve toda a suciedade acumulada nos extremos das citadas canalizacións, e que así, querendo ou sen querer, fan que moitas especies de animais morran ou queden contaminadas.

¿Qué pasa con isto? Que despois nós, con moita tranquilidade, colleremos estas especies sen saber o risco que pode acarrear o meterlle ó noso organismo alimentos contaminados.

Existe unha zona da nosa ría na que está prohibido o marisqueo das vieiras, xa que este tipo de marisco está infectado dunha toxina chamada ASP, que ten efectos amnésicos e, á larga, pode provocar a perda da memoria no ser humano (a pesar de todo, hai un furtivismo das mesmas).

Desgraciadamente, aínda que a nosa ría é moi bonita, a súa estrutura (con forma de botella) fai moi dificultosa a renovación das augas. Por iso, non é posible que a meirande cantidade de residuos que flotan saian cara fóra e se acumulen especialmente nas desembocaduras dos ríos.

Os máis importantes ríos da Ría de Ferrol son o beelle e o Río grande de Xubia, que contribúen enormemente á contaminación da Ría, xa que arrastran unha gran cantidade de metais pesados. Pero este non é o peor dos seus problemas, senón que por causa da acumulación dos residuos na súa desembocadura, como solución por parte do home, optouse por tapar todos ese lixos que quedaban á vista coa baixada da marea con recheos de area, para ocultar toda clase de escombros;




pero isto non impide a acumulación de máis, e así entre recheo e recheo a Ría de Ferrol ten xa o 25% da súa superficie formado só por recheos. Con tal cantidade de áreas, afogan moitos vermes e pequenos moluscos que sirven de alimento para os peixes.

O banco marisqueiro das Pías é un dos máis productivos de Galicia, xa que cada día extráense 2000kg de *ameixa babosa*, sen contar os que se quitan furtivos. Fíxose tamén (ou, polo menos, intentouse) unha planta de reciclaxe, A PLANTA DE MOUGÁ, coa que se tratou de refabricar plásticos, vidro ou metal. Esta sería a primeira planta de reciclaxe en España coa que se poderían reciclar os residuos de 50.000 persoas; pero como se levaban os lixos das 150.000 que habitan en Ferrol e contornos, acabou por pechar por mal funcionamento, e polo pouco apoio que houbo por parte dos cidadáns. Por esta causa hoxe mesmo observamos un vertedeiro de lixo fermosísimo xusto na entrada de Castelos que impacta enormemente e alonxa o turismo que ven coñecer a Ría de Ferrol con todas as súas maravillas.

Proxectos tan importantes coma este fracasan polo desinterés de todos.

¿Qué podemos facer? Pois aí si que non teño que dicir; só vos amoso unha fermosa e acertadísima frase que nos lembrou Andrés Lamas:

**NINGUÉN COMETEU MAIOR ERRO QUE O QUE NON FIXO
NADA POR PENSAR QUE FACÍA MOI POUCO.**



clara prego



- LA VITA É BELLA -

Estamos ante unha película interesante, pero nela o seu director xoga con vantaxe (sen que sexa entendida na dimensión hitchcockiana da expresión), é dicir, sérvese de formulacións de probada eficacia para conseguir o que non conseguiu no resto das súas aventuras detrás da cámara (véxase conseguir, partindo de premisas eminentemente lúdicas ou cómicas, non caer no patetismo, no ridículo e na chapuza total). Estas formulacións son: o emprego dun neno moi curriño (que pode dar tan bos resultados como na magnífica Os catrocentos golpes de Truffaut, ou tan nefastos como na película máis sobrevalorada da nosa filmografía: Segredos do corazón), a Segunda Guerra Mundial como escenario (que pode conseguir milagres como que unha película efectista, rancia e carente de aliciente cinematográfico como A lista de Schindler pase por unha obra mestra) e un tratamento traxicómico da mesma (neste aspecto o actor e director ROBERTO BENIGNI ponse baixo a advocación da máis sobrevalorada das películas do mestre Chaplin: O gran dictador).

Non vou caer na estupidez de crítica-la película por non mostrar con toda a súa crueza os campos de concentración, como fixo o sector máis bempensante e pseudointelectual da crítica.

Quizais os dous delitos máis graves nos que incorre a cinta son, por un lado, a inxenuidade dalgunhas propostas e da súa resolución; e, o máis grave, a súa posta en escena é, no



ESTACIÓN CENTRAL DO BRASIL

mellor dos momentos, formularia. Pero, amén de acertos de guión e da excelente actuación de Benigni, o acerto da película reside nunha certa capacidade de atracción, ilusión que non nos debe levar á conclusión de que estamos ante unha película, xenial ou redonda.

Ante tales conclusións un non deixa de preguntarse por que o cartel anunciador da película exhibe (cunha delectación equiparable á que mostraba a cuñada de Jacques Tati en Meu tio cando ensinaba a algunha veciña os seus horrendos mobles ou algún robotizado artefacto de cocifa) tal cantidade de premios acumulados na súa carreira festivaleira. A resposta podería estar en que os festivais ultimamente outorgan os seus premios tendo pouco en conta as excelencias puramente cinematográficas do produto e demasiado outras conxunturas alleas á calidade intrínseca da película.

Por último constatar que, tristemente, dous acontecementos tan presentes e arraigados na educación sentimental dos cinéfilos como os Óscars e o Festival de Cannes perderon completamente o decoro premiando este filme, cando tiña competidores que o superaban claramente en calidade; máis triste en Cannes, que ano tras ano deixa (salvo algún premio que pode ser calificado de honrosa excepción) de se-lo adañ do cine de calidade, deixa de ser aquel festival de outrora que premiara: Breve encontro de Lean, L'aventure ou Blow-Up de Antonioni, Os catrocentos golpes de Truffaut, La dolce vita de Fellini, París-Texas de Wenders e tantas, e tantas outras que forman parte de modo indeleble da nosa memoria.

noel blanco



Río de Janeiro. Na estación do tren, unha muller adícase a escribir as cartas dos outros, dos tantos e tantos que non saben nen sequera ler. Ela convirte as palabras sobre o papel o que doutro xeito non pasarían de ser sentimentos sen nome, mensaxes condenadas ó silencio. Cartas á familia, cartas para coñecer xente, cartas para manter vivo o recordo, sobre todo cartas de amor.

Un neno fica só na cidade, a súa nai vén de morrer nun accidente, non ten a ninguén, só ás rúas cheas de xentío. Bótase a durmir na estación do tren cando o seu traxín decrece.

Nas grandes cidades do sur , cando chega a noite, enxames de animalíños andan á busca de refuxio debaixo de calquera teito, dentro de calquera portal, ó lado de calquera montón de caixas. E cando de alí a un pouco chega outra vez o día, hai que desbandalos con berros e vasoirazos, e os seus corpos deixan pequenos ocas apenas quentes, coma os gatos. Son os nenos da rúa.

A muller e o neno atópanse un ó outro. Esa é a palabra: atópanse. Non se buscan, non se necesitan -ou alomenos iso cren eles- pero atópanse. A nai do neno dictara antes de ficar morta unha chea de cartas repletas de ilusión e desexo, cartas ó seu home fuxido. Ese pai ausente é o único que lle queda ó neno, pero nin iso ten, Brasil é iumenso e o pai non é máis ca un enderezo nun sobre. O obxecto dunha busca que mete medo imaxinar. Pero que é o único remedio ó desamparo absoluto.

Entón comeza a viaxe. Cando todo facía pensar na miseria e nas lágrimas, comeza unha explosión de vida que inunda a pantalla: a muller e o neno na busca do pai, o pai sempre postergado, a muller e o neno tentando abandonarse un ó outro e volvéndose a atopar sempre. descubren o que é necesitar a alguén.

E nós vivimos unha auténtica *road movie* polo *sertao*, un percorrido polo corpo de Brasil que é un itinerario pola alma dos personaxes. E segundo os signos do pai vanse aproximando, a muller tropeza coa súa propia amargura: miles de kilómetros para atoparse por fin diante de si mesma.

Como unha lebre, nunca sabemos onde vai salta-la soidade, nin de que armas dispomos para abatela.

O neno, ó final... pero non vou contárvo- lo final. Só dicirvos que, se queredes ter sensacións verdadeiras, se queredes deixaros abanear dende a risa ata o pranto - e senti-lo efecto mesmo da vida, que só son capaces de reproducir as máis grandes obras de arte- se vivir esa experiencia vos resulta imprescindible aínda que poida ser ás veces insoportable, e iso vos parece grande, entón buscade, buscade na carteleira, e ide ó cine.

A película chámase *Estación Central do Brasil*, fírmala Walter Salles -e ten a presenza inmensa de Fernanda Montenegro.

juan carlos f. naveiro



CADERNO DE BITÁCORA

...e cruzaron o Miño:

Cortando perpendicularmente a Vía Láctea, a pesada nave aeroespacial percorría custosamente as modernas vías de comunicación terrestre. No seu interior todo era expectación. Só un membro da tripulación tiña unha idea aproximada do que ía acontecer. Sabía, por exemplo, que a vila portuguesa á que se dirixían era un lugar cheo de encanto, sobre todo no que se refire á paisaxe.

O val do río Vez está formado por arredondadas montañas, cubertas de vizosa vexetación. Montes e terras de cultivo arredor de pequenas aldeas vanse sucedendo mentres o viaxeiro dá voltas e viravoltas por unha estrada sinuosa engalanada de cedros e carballos.

É difícil domesticar esta natureza e debeu ser obra de moitas xeracións e de moita paciencia converter ladeiras tan peadas en pequenas leiras achaiadas, contidas por valados de pedra, ou mellor diríamos, abrazadas por eles. Canalizar tanta auga, que aparece en cada relanço do camiño, e convertela en fontes e cales de regadío e de muiños semella, aínda hoxe, un dos traballos de Hércules.

Poucas veces reparamos no cotián, o que nos é familiar, e coidamos que ten que ser así porque así se nos deu xa feito. Esta debe ser a razón pola que unha paisaxe tan fermosa a penas chamaba a atención no interior da renqueante aeronave. ¡é tan galega!

A vila aparecía xa á vista de todos, xusto onde o Val de Vez se vai abrindo en amplas veigas rodeadas de outeiros. A pequena e lenta aeronave entraba por fin no recinto escolar. A expedición expectante levantaba, á súa vez, unha gran expectación na comunidade receptora. Tódolos movementos, olladas, comentarios e mesmo o ton arroibado das meixelas, denotaban nerviosismo.

A Escola de Ensino Secundario dos Arcos é enorme. Consta de catro grandes edificios: un ximnasio cunhas dimensións que asombraron ós visitantes, dous adicados a aulas, e un terceiro que alberga oficinas, despachos, biblioteca, unha enorme sala con mesas, escenario, e moitísimo espazo. Por último, anexo a este gran espazo, a cociña, o comedor e a cafetería.

Nestas últimas instalacións foron convidados a entrar os nosos protagonistas, provistos de bandexas, co fin de realiza-lo seu primeiro almoxoroso: sopa, potaxe e froita. Os membros da expedición ían tomando nota con ollos sorprendidos: os alumnos entraban, comían con rapidez e saían en orde para deixar sitio a outros colegas. Sen berros nin empurróns, todo sucedía coa máis estricteza urbanidade.

O momento de intercambio de parellas aumentou o nivel de nerviosismo entre as dúas partes, pero, unha vez resolto o trámite, o grupo dirixiuse relaxado á Cámara Municipal para recibir unha benvida formal. Cortesías exquisitas.

O lugar destinado para o Serão Cultural era un teatrño moi xeitoso dotado con tódolos elementos que poden axudar a forma-la ilusión teatral.

Todo o mundo colaborou na preparación do escenario, con obxectos cedidos de aquí e de alí: as cadeiras do Consello Directivo da Escola, moi torneadas, unhas suntuosas cubertas de seda para darlle dignidade á mesa real ofrecidas por unha das alumnas participantes, uns bonitos froiteiros de cristal traídos por outra, ...Deste xeito entre ensaios, probas de son e luces, telón e nervios, foi pasando o sábado e achegándose a hora da verdade.

Cómpre dicir que tódolos membros da debutante compañía dramática estiveron absolutamente entregados ó seu labor, aceptando sen refungar a férrea disciplina da directora. ¡Todo un equipo!


Mais o tempo foxe coma un lóstrego e velaquí que xa son as dez da noite. O Salón Parroquial énchese rapidamente co máis granado da sociedade arcuense. O programa vaíse cumprindo con exactitude: primeiro a presentación, logo o vídeo do equipo anfitrión sobre o suxerente mundo das cantigas de amigo. Os nosos actores aproveitaban estes preciosos minutos para dar os últimos toques á maquillaxe e ó vestuario. Chégalles a vez. Soa a música de fondo. Abrese o telón. É o momento en que os músicos do escenario empezan a toca-los seus instrumentos, marcando o ritmo co que deben entra-los actores no escenario.

Estamos na corte do Rei Sabio. Os movementos e os diálogos dos actores flúen no escenario. A melodía das cantigas parece engaiolar ó público que comeza a acompañar coas palmas. Todo sucede con precisión. Escoitámo-la derradeira frase. Música outra vez. Grandes aplausos. ¡Foi un éxito! ¡Parabéns! ¡Muito-ben!

Nos camerinos a emoción mesturábase coa ledicia explosiva. Ían caendo as coroas, tocados, gardábanse as espadas e os traxes. Os rasgos esaxerados pola maquillaxe íanse desdibuxando tralo paso do algodón. Todos volveron se-los de sempre pero un pouco mellores, ¡alomenos durante unha tempada!

A despedida foi chuviosa e lacrimosa, como deben ser-las despedidas. Desandámo-lo sinuoso e vexetal camiño, aínda con caras longas e posicións fetais nos asentos. Pasámo-lo Miño e alguén empezou a cantar. Quen máis e quen menos foise apuntando á festa. ¡Xa estamos na casa!





anxos garcía



...Continuación


... Démonos conta de que o ruído procedía dun dos nichos onde esa mesma tarde enterraran a un vello de noventa e tres anos ou máis. Cagámonos. Soubemos que non podían se- los rapaces, se era unha broma estaba demasiado ben montada Acercámonos lentamente e escoitamos unha voz leve pero continuada: "¿Hai alguén aí?", preguntou Ramiro. A voz do vello identificouse e rapidamente collemos unha pa, a golpes co nicho conseguimos rompelo. Sacámo-lo ataúde e o vello saíu del dicindo que xa lle pasara máis veces, que se chamaba algo así como catalepsia.

Ofrecémoslle un bocata e unha cervexa e sentou connosco. Pasamos toda a noite parolando e escachamos coa risa cos contos do vello.

De repente os rapaces espertáronnos, pero aquela historia parecía non ter fin: dixéronnos que pasamos toda a noite a durmir, que nin sequera escoitamos os rúidos que eles facían para amedrentarnos. Rapidamente dirixímonos ó nicho e, ante a nosa sorpresa, comprobamos que estaba cerrado, coas flores perfectamente colocadas enriba. Pero... a cervexa estaba no lugar no que el sentara e a herba aplastada indicaba a presenza dalguén naquel lugar.

Pagáronno- la aposta, pero dende entón o cemiterio imponnos moito respecto.

verónica fernández



Cando estou ó teu carón
os momentos tristes vólvense dourados
¿será quizais porque estamos namorados?

Non sei como explicar todo o que estou a sentir
pobres son as miñas palabras
e non sei como o hei definir.

Pero tal é a miña felicidade
que creo saber a súa composición
catro letras ten a verba
que fai latexar o meu corazón.
AMOR era o que tanto ansiaba encontrar.

Ti, cos teus abrazos e cos teus agarimos
o cariño meu lograches espartar.
Por iso agora, no-los douos somos un,
un profundo sentimento percorre as nosas almas.
O noso cariño vólvese inmortal.
Para sempre: eu quérote e ti ámasme.

clara prego



O CONTO ESCURO

Nun curruncho do meu corazón
o sufrimento mordeume
del brotaron gotas negras de dor
prantos de amor rexeitados,
nin a máis pura amizade
fixo ó meu corazón volver a sentir.
Estaba tan enfermo
que o tempo transcorrido para el,
nunca contou,
só aqueles momentos de dor,
séculos enteiros vendo o que ocorreu.
A soiedade alivioume toda esa dor,
xa non me quedaban bágoas que
derramar,
os meus ollos secan.
¡Que gratiosos pensamentos a tan
temperã idade,
o tempo faise eterno,
sempre ansiando iso que os demais
tiñan
iso que eu non: ledicia.
¿Por que eu?. A pregunta de sempre
¿por que non, outro? Non, as cartas
estaban botadas
era eu, que cruel verdade
nin a amizade enche ese vacío
o vacío que ela me deixara, anacos da
alma me arrincara
o sufrimento era tal, que a miña
garganta
non podía nin unha palabra
pronunciar
¿a que grandes tormentos me sometía!
probándolle a miña amizade, ¡gratiosa
palabra
para alguén que non coñecía o seu
significado.

Desexaba que me amaran
¿era tan difícil?, só pedía algo de afecto
algo que a moita xente lle sobraba.
Pero ¡que egoístas!, pensaba, agora se
que iso era mentira.
Nas miñas últimas horas quero contar
o que nun tempo souben calar:
neste momento son feliz, pero
ela enfaçárase comigo, perdera sa
amizade
toda a tortura que sufrín,
prometéralle fidelidade e lealdade
e enganáraa, sendo feliz, feliz
¿sabes por que? porque descubrín
que estaba viva, viva para sentir,
ver como sae o sol.
¡a ledicia! que profundo sentimento
todo o enche
¿sabes do que me dei conta?
de que...
era eu, sempre fora eu
a soiedade non vivía en min,
eu vivía nela.
Xa sabes:
se algunha vez se che presenta
non lle teñas medo
só quere a túa amizade,
unha amizade
que nunca puido ter.
Perdooume,
por fin volvo con ela.
O sufrimento traboume
nun curruncho do meu corazón
pero mil veces ela o curou
que saibas que agora
volvemos ser unha.
e nada máis...

nani



Nas verzas

1	2	3	4	5	6	7	8	9	
10	11	12	13	14	15	16	17	18	
19	20	21	22	23	24	25	26	27	28
29	30	31	32	33	34	35			

12	5	29	11	7	
30	6	17	9	25	
31	10	26	22	8	32
1	21	27	23	19	
35	18	15	5	16	35
4	2	14	34	28	
20	15	24			

Utensilio para aviva-lo lume.

Reverso.

Fig. de trapo m. Que serve de xoguete para os nenos.

Non transparente.

Instr. Dividido en mm., cm., etc. Que serve para medir. Regra.

En latín, cabaleiros (Np).

Abandona ese lugar.

CLAVE: Planta leñosa que se ramifica a maior ou menor altura do chan, pl.

CONXUNTO: Proverbio chinés.

isabel mesías & verónica fernández



GARGALLADAS



EDITA: Equipo de Normalización Lingüística do IES Mugardos.
COLABORARON NESTE NÚMERO: elena brozos, isabel mesías, elhe, nazario lleó, david fernández, noel blanco, xosé luis mosquera, clara prego, juan carlos f. naveiro, maría barreiro, beatriz martínez, verónica fernández, nani, carmen ríos, victor, anxos garcía, pilar garcía, j. tomás díaz.



IMP. LA MUGARDESA. TF.,/FAX 981 472083